

A auga da Terra

Os RÍOS

Son correntes de auga dóce que circulan por un alveo, cun caudal máis ou menos permanente.

Os ríos levan ó mar uns 37.000 billóns de litros de auga ao ano.

O Amazonas (América do Sur) é o río máis longo (7.062 km) e máis caudaloso do mundo.



Río Sil, o máis caudaloso de Galicia.



O río máis longo de Galicia é o Miño, con 307,5 km.



Arbo

Os LAGOS e LAGOAS


Son masas permanentes de auga que se acumulan nas depresións do terreo.



Lagoa de Cospeito (A Terra Cha)



En Galicia hai numerosas lagoas situadas no litoral en depresións interiores ou nas montañas.



Lagoa de Ocelo, de orixe glaciar (Pena Trevinca)



Adela Leiro
Mon Daporta

Os GLACIARES

Son masas de xeo permanentes que se desprazan polas pendentes.

As masas de xeo cobren arredor dun 10% da superficie da Terra.



As masas de xeo e neve das montañas son reservas de auga para os ríos. Libéranse de forma gradual, no desxeo, ao subir as temperaturas.



Os casquetes glaciares constitúen a maior reserva de auga dóce do planeta (máis de 30 millóns de km³).

Os HUMIDAIS

Son terreos que están asolagados de forma temporal ou permanente.

As GÁNDARAS son terreos húmidos que conservan espazos con pequenas lagoas.

As BRAÑAS ou LAMEIROS son terreos asolagados temporalmente.

As TURBEIRAS son terreos onde a vexetación (esfagnos, brións, breixos...) acumula auga e forma turba, un tipo de carbón.



Gándaras de Budiño

Os humidais son ecosistemas moi fráxiles cunha gran diversidade de flora e fauna.



Veigas de Ponteliñares (A Limia)




Turbeiras do Xistral

A auga do SOLO

A auga é un importante compoñente do solo. Circula por entre os materiais en todos os sentidos e evapórase pola acción do sol.

Os movementos da auga do solo fan posible o desenvolvemento das plantas.



As augas subterráneas son as reservas de auga do subsolo e a orixe de moitas correntes superficiais.





A cuberta vexetal protexe o solo e facilita a absorción de auga.



Derrube producido pola auga.

Cando as augas subterráneas entran en contacto cun foco de calor do interior da terra quéntanse e poden xurdir de novo a altas temperaturas formando os mananciais termais.



Xéiser